

INICIO Y EDICIONES

SECCIONES

DEPORTES

OPINIONES

CANALES

G

Gran Vigo Comarcas **Morrazo** Pontevedra Deza-Tabeirós-Montes Arousa Ourense Club Faro Lo +

farodevigo.es » O Morrazo



Debuxa a túa praia preferida



Este certame de debuxo terá como tema e espazo principal o litoral do Concello de Cangas.

O Concello de Cangas convida ás rapazas e rapaces de entre 4 e 14 anos a debuxar a súa praia preferida. Para poder dar renda solta aos seus lápices e demais utensilios de debuxo, os nenos que participen terán que recoller a cartolina oficial do concurso, a cal se distribúe nas cinco bibliopraias do municipio cangués

e que será o único soporte válido para presentar os traballos, tal como se explicou onte na presentación desta actividade.

O entorno principal no que se moverá nesta edición este certame, organizado polas Concellerías de Medio Ambiente e de Turismo e a empresa Segem, será o propio litoral de Cangas. As bibliopraias tamén serán o lugar de entrega das obras, polo que os nenos terán a oportunidade de disfrutar dun día de praia debuxando. O prazo remata o 27 de agosto.

Establecense tres categorías segundo a idade e haberá un só premio para cada unha. Os mellores debuxos de cada grupo recibirán un cheque agasallo de "La Casa del Libro". Na categoría A, de 4 a 5 anos, a contía será de 40 euros, na categoría B, na que participarán rapaces 6 a 9 anos, será de 50 euros, e na categoría C, destinadas a idades comprendidas entre 10 e a 14 anos, o valor do talón ascenderá a 60 euros. A entrega dos premios terá lugar na praia de Rodeira o día 27 de agosto.



De esq. a der., o representante de Segem, Mercedes Giráldez e José Domingo García na presentación do concurso. / *marcos canosa*

MULTIMEDIA

Fotos de la noticia